



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE TRIACASTELA PARA O ACONDICIONAMENTO E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE SUAVILA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

1.- ANTECEDENTES.-

A colaboración entre este departamento e o concello de Triacastela enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo.

O concello de Triacastela solicita deste departamento axuda para executar as obras de “**Acondicionamento e pavimentación do camiño de Suavila**”, situada no núcleo urbano.

O indicado camiño, transcorre polo interior do núcleo urbano de Triacastela, de forma paralela ao Camiño de Santiago. Une varios puntos de interese municipal, tales como a casa do Concello, a igrexa e o albergue de peregrinos. Por tal motivo, dada a súa situación, trátase dun viario moi utilizado.

Descrición das actuacións a realizar:

a) Acondicionamento, limpeza e preparación do terreo

Iniciarase a intervención coa realización dunha limpeza superficial e manual do terreo, posto que debido ao paso constante de vehículos agrícolas, o terreo atopase xa moi compactado, servindo xa como base para a execución da obra. Polo tanto, procederase unicamente a retirada da capa de vexetación existente nos bordos do camiño, quedando así un firme adecuado para a realización da caixa de pavimentación.

Unha vez terminada a limpeza do terreo, procederase á compactación da parte superficial de terra, e unha vez compactada, procederase a executar sobre o mesmo unha capa de grava de 10 cm. de espesor sobre a que se apoiará o solado de formigón que se prevé executar.

b) Realización do pavimento

Unha vez compactada a capa de grava, procederase a execución da soleira de formigón, que conformará o pavimento. Dita soleira irá executada en formigón no seu color natural, dando desta forma continuidade a outra intervención previa que xa se realizou dende o concello ata o inicio desta nova intervención, e daráselle un acabado rugoso que evite que sexa deslízante, con un grosor aproximado de 25 cm. Para aportar unha maior consistencia, dito formigón virá mesturado con fibra de vidro.

Na realización da soleira, farase unha pequena pendente do 3%, que facilite a escorrentía de augas pluviais, cara o bordo sur do paseo.

c) Instalación de iluminación.

Realizarase a instalación de iluminación, que facilite o tránsito por dito paseo e do mesmo modo cree un atractivo visual sobre o devandito paseo.



O sistema de iluminación elixido para tal fin é o de balizas tipo led soterradas no propio pavimento que, debido ao ancho da calzada, serán resistentes ao paso de vehículos.

d) Acabados

Polo borde dereito do camiño, entre os cachotes de pedra que conforman o muro de contención e a propia soleira de formigón, deixarase unha franxa duns 60 cm. de espesor que irá destinado a zona axardinada de herba.

e) Mobiliario

Naqueles puntos, onde se produza a intersección do paseo con outras rúas, instalaranse bancos de pedra e papeleiras fixas, que axudarán á humanización do paseo e ao descanso dos viandantes

f) Superficies

Lonxitude do paseo	375 m
Superficie de pavimentación	1.500,00 m ²
Superficie total de actuación	1.875,00 m ²

2.- RAZÓNS DE OPORTUNIDADE.-

O feito de que as dotacións que son obxecto do presente convenio, constitúen un equipamento necesario para o concello de Triacastela e a concorrencia dos obxectivos de ámbalas dúas administracións asinantes para dar solución ás carencias de equipamento citadas, aconsella a subscripción deste acordo, para levar a efecto as actuacións necesarias para a execución das obras e a súa posta a disposición do uso público.

Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación. A competencia para o desenvolvemento destas actuacións, está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería “*A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial*”.

3.- OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN.-

A finalidade do convenio é establecer as bases de actuación das partes asinantes, regular as obrigas que cada unha asume e establecer o marco xurídico-administrativo das súas intervencións.

Co desenvolvemento das cláusulas convidadas chegarase a execución das obras necesarias para conseguir que o concello de Triacastela dispoña de espazos públicos acondicionados, en condicións axeitadas para a prestación do servizo público. Con iso conseguírase unha maior calidade de vida da poboación residente e da sociedade en xeral.

Por todo isto, ó considerar debidamente xustificada a necesidade das actuacións previstas, propónse a sinatura dun convenio de colaboración entre este Departamento e o concello de Triacastela e, a través do mesmo, dar cumprimento os fins propostos.



4.- MEMORIA ECONÓMICA

O convenio, implica a asunción dunha obriga económica para a Facenda autonómica de **cento trece mil cento corenta e cinco euros con sete céntimos (113.145,07 €)**, e coa seguinte estrutura de gasto:

Concepto	Importes en euros (con IVE)
Execucións de obra	98.426,57 €
H. de dirección de Obra	1.736,94 €
Honorarios de dirección de execucións de obra	1.736,94 €
Honorarios de coor. de Seguridade e Saúde	1.054,58 €
<u>Subtotal</u>	102.955,03 €
10% Previsión para cert. final obra (estimado)	9.842,66 €
10% Hon. Cert. Final (estimado)	173,69 €
10% Hon Dir. Exec. Obra (estimado)	173,69 €
<u>Subtotal para cert. Final (estimado)</u>	10.190,04 €
Total	113.145,07 €

En consecuencia, segundo o disposto na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, non require a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela

Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

